



Ref.: mjes

Asunto: remisión de documentación relativa ao Parque eólico Cunca (IN408A 2019/02)

Con data 04.01.2019, Green Capital Power, SL solicitou as autorizacións administrativas previa e de construción así como a aprobación do proxecto sectorial para o parque eólico Cunca, sito no Concello de Vila de Cruces (Pontevedra), achegando xunto coa solicitude a documentación técnica correspondente e o resgardo da garantía económica para o cumprimento do establecido no artigo 59.bis do RD 1955/2000.

O 18.03.2019, notificóuselle á dita sociedade o cumprimento dos requisitos establecidos nos artigos 30 e 31 da Lei 8/2009, do 22 de decembro (en adiante a Lei 8/2009). O 21.03.2019, achegaron o xustificante de pagamento das taxas correspondentes á autorización administrativa das instalacións de parques eólicos, de acordo co artigo 33.3 da Lei 8/2009.

Esta Dirección xeral para continuar co procedemento, procedeu a solicitar os informes recollidos nos artigos 33.4 e 33.5 ao órgano ambiental e ao órgano competente en materia do territorio con data 22.01.2020.

En resposta as citadas solicitudes de informe a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático elaborou con data 21.07.2020 o documento de alcance do estudo de impacto ambiental ao que fai referencia o artigo 34 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. Do mesmo xeito con data 16.04.2020 a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu informe de referencia do artigo 33.5 da Lei 8/2009 onde se indica que os aeroxeneradores cumpren as distancias de 500m e se recollen os organismos que deberán emitir informe para a aprobación definitiva do proxecto sectorial.

Como resposta o requirimento desta dirección xeral do 17.04.2020, o promotor con data 04.06.2020 achega o proxecto sectorial incorporando as consideracións efectuadas pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo no seu informe do 16.04.2020.

Con data 30.11.2020 o promotor achega a documentación relativa do parque adaptada ao documento de alcance (estudo de impacto ambiental, proxecto de execución e proxecto sectorial).

Como resposta o requirimento desta dirección xeral do 23.02.2021 o promotor achega o proxecto

SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS

XEFATURA TERRITORIAL DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

DE PONTEVEDRA

Avda. Fernández Ladreda, 43-5º - 36071 Pontevedra



Xacobeo 2021





de execución, o estudo de impacto ambiental así como a taxa de tramitación do proxecto sectorial, subsanando os erros detectados na documentación achegada previamente.

Tendo en conta o anteriormente exposto e de acordo co artigo 33.6 da Lei 8/2009 remitímoslle a documentación indicada no Anexo por ser esa xefatura territorial a unidade tramitadora, aos efectos de que continúe coa tramitación do parque eólico Cunca ata a remisión do expediente completo de acordo co artigo 33.13 da Lei 8/2009.

Anexo :

- Solicitud IN 408A de data 04.01.2019.
- Proyecto de Ejecución del Parque eólico Cunca. (visado COIIBP o 22.02.2021)
- Proyecto sectorial del Parque eólico Cunca. (visado ICOIIG 27.11.2020).
- Estudio do impacto ambiental del Parque eólico Cunca. (asinado electronicamente).
- Resgardo da garantía económica para o cumprimento do establecido no artigo 59.bis do RD 1955/2000.
- Taxa da autorización administrativa do parque eólico.
- Taxa tramitación proxecto sectorial.
- Informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. (16/04/2020)
- Documento de Alcance emitido pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático (21.07.2020)
- Archivo shape do parque eólico

Esta documentación poderá descargala a través do seguinte enlace:

<http://descargas.xunta.es/13bcc2fb-05fa-4dce-9182-1ebaaac074501614778347381>

Santiago de Compostela

A xefa do Servizo de Enerxías Renovables
e Eficiencia Enerxética

M^a Raquel Carballido Reboredo
(asinado electronicamente)

SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS
XEFATURA TERRITORIAL DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA
E INNOVACIÓN
DE PONTEVEDRA
Avda. Fernández Ladreda, 43-5º - 36071 Pontevedra



Xacobeo 2021

